

Resumo do proxecto

O proxecto "*Desenvolvemento de aplicativo para a discusión colaborativa de terminoloxía utilizando tecnoloxías Web 2.0 e a infraestrutura de desenvolvemento web Django*" iniciouse para achegar unha solución operativa para a falta de ferramentas axeitadas para a xestión de terminoloxía no eido da localización de software e documentación libres en particular, pero de xeito que permita a súa utilización para calquera outro ámbito.

A creación e actualización de ficheiros con terminoloxía en dito eido adóitase realizar mediante o correo electrónico ou wikis que posúen diversas eivas, como a dificultade de busca e consulta de termos (no caso do correo-e), a imposibilidade de relacionar directamente unha discusión coa terminoloxía derivada dela, ou a inexistencia da exportación a un formato que permita o emprego directo dos resultados xerados en outras ferramentas. Este proxecto non só lle da unha solución a estas eivas senón que posúe moitas outras características interesantes e útiles.

Unha das características centrais do proxecto é a concentración de toda a información relativa a un concepto nunha única páxina, o que inclúe datos detallados de cada termo, definicións, ligazóns a recursos relevantes (imaxes ou entradas na Wikipedia) e demais elementos asociados ao concepto en diferentes idiomas, como as discusións de cada idioma. O feito de concentrar todos estes datos facilita a elaboración terminoloxías multilingües e tamén permite a colaboración entre os diferentes idiomas, xa sexa mediante a comparación das escollas propostas ou dos argumentos empregados, ou participando directamente na discusión de outros idiomas. Ao consultar un concepto é posible ver só os datos pertencentes a un único idioma evitando porén a sobrecarga de información. Os conceptos agrúpanse en glosarios para conseguir unha mellor organización dos datos terminolóxicos.

Outra característica a destacar é a capacidade de busca, que permite empregar diferentes tipos de filtros e realizar buscas parciais mostrando os resultados cunha disposición semellante á de Google.

Unha característica moi importante é a exportación ao formato estándar da ISO para o intercambio de terminoloxía TBX (TermBase eXchange). A exportación pódese configurar de diversos xeitos: glosarios a exportar, idiomas incluídos ou cantidade de información a exportar. Ademais pódese realizar unha exportación automática da terminoloxía mediante a tecnoloxía REST que se integra co sistema de recuperación de ficheiros de terminoloxía Autoterm da ferramenta de localización Virtaal e que é susceptible de empregarse con outras ferramentas. Tamén se poden importar ficheiros TBX permitindo a reutilización de recursos terminolóxicos preexistentes.

O proxecto posúe ademais outras características como o envío de suxestións de novos conceptos; a xestión de información "*auxiliar*" como os idiomas, categorías gramaticais dos idiomas, números e xéneros gramaticais asociados a cada categoría gramatical e idioma, etc; ou a posibilidade de seguir a actividade mediante notificacións por correo-e, fontes RSS ou consultando a páxina principal. Ademais o proxecto é software libre con todas as vantaxes que implica.

Porén a conxunción de todas estas características fai que o proxecto sexa capaz de crear e sustentar comunidades que colaboren nun esforzo común e compartido para xerar terminoloxías de calidade e en gran cantidade.